



Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblemario 2013-2014

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), que tivo lugar o 2 de marzo de 2013 en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as liñas de acción da asociación para o período interasemblemario 2013-2014.

Aínda que non foi total o cumprimento das accións aprobadas –xa que houbo varias que, por diversos motivos, non se puideron desenvolver–, valoramos, en termos xerais, como positivo e satisfactorio o traballo desenvolvido pola entidade neste período, xa que consideramos que, dentro das posibilidades, a acción da CTNL foi axeitada, aínda que sempre limitada no humano –por basearse no voluntarismo– e tamén no económico –cuns recursos suficientes para o que se fai, mais, por veces, insuficientes para o que se podería facer–.

As liñas de acción aprobadas para o período interasemblemario contemplaban dous puntos xerais, nos que se organiza este informe para especificar as accións desenvolvidas: accións para o cumprimento dos fins da asociación e algúns obxectivos e accións organizativas.

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos. As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Mantivéronse diversos contactos e xuntanzas coa SXPL e, nelas, fixéronse diversas propostas na procura da mellora, principalmente, da xestión e planificación dos Celga e da convocatoria de axudas da Xunta ás entidades locais para o fomento do galego [Febreiro de 2013 e de 2014]
 - Solicitouse a modificación do prazo de inscrición nas probas para a obtención dos Celga en 2013. Ao se retrasar o comezo dos cursos Celga, solicitouse que, por lóxica, se ampliase o prazo de matrícula nos exames [Marzo de 2013]
 - Insistiuse na necesidade de modificar a xestión e planificación dos cursos Celga, defendendo a Proposta que foi elaborada en 2012.
 - Valorouse publicamente o proxecto de orzamentos da SXPL para 2014: «O desmantelamento do galego por parte da Xunta non cesa nos orzamentos. A Xunta reduce en máis do 70% os recursos dedicados á normalización». A valoración feita tivo moita repercusión en bastantes medios. [Outubro de 2013]
- <http://ctnl.org/web/notic.php?ide=1130>



- Prestóuselle apoio e colaboración, na medida das posibilidades, á Asemblea de profesorado Celga, en canto á reclamación e denuncia dos dereitos laborais deste profesorado e da mellora da formación lingüística da poboación adulta.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización de dous ou tres cursos de organización directa, e finalmente convocáronse dous. Ademais, seguiu colaborando coa UdC no curso de verán de dinamización lingüística.

- **Obradoiro de notas de prensa para a difusión de accións de normalización lingüística**

<http://ctnl.org/web/notic.php?ide=1085>

- Lugar: Facultade de Filoloxía da USC (semipresencial, con traballo con titorización a través do correo electrónico)
- Datas: sesión presencial o 25 de abril
- Duración: 4 horas presenciais e 6 horas de traballo a distancia titorizado
- Participación: remataron o curso con asistencia regular e bo aproveitamento 15 persoas
- Profesorado: Rocío Castro, xornalista e comunicadora

- **Obradoiro de creación de vídeos básicos para a normalización lingüística**

<http://ctnl.org/web/notic.php?ide=1129>

- Lugar: Facultade de Filoloxía da USC (semipresencial, con traballo con titorización a través da plataforma Edmodo e do correo electrónico)
- Datas: sesións presenciais o 12 e 21 de novembro, e na plataforma Edmodo o 7, 14 e 26 de novembro e 14 de xaneiro
- Duración: 16 horas (8 presenciais, repartidas en 2 sesións de 4 horas, e 8 en liña, en varias sesións)
- Participación: remataron o curso con asistencia regular e bo aproveitamento 16 persoas
- Profesorado: Roi Guitián e María Lobo (Vacalume)

- **Colaboración no IX Curso de verán sobre dinamización lingüística Traballando en lingua. «Participación, implicación e traballo colaborativo»**

<http://ctnl.org/web/notic.php?ide=1103>

- Carballo. 17, 18 e 19 de xullo de 2013
- Participaron arredor de 50 persoas



- Relatores/as: diversas conferencias, mesas redondas e grupos de traballo sobre a participación, a implicación e o traballo colaborativo para o proceso de normalización da lingua galega.
- Valoración: a participación das persoas asistentes ao curso foi activa e a valoración feita tanto por estas como pola organización foi, en xeral, positiva.

3. **Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Fíxose seguimento da política lingüística da Xunta e demais organismos e mantivéronse xuntanzas con diversas entidades nas que se lles trasladaron propostas concretas para mellorar o proceso de normalización lingüística.
- Fíxose público o comunicado «Pola creatividade galega e a calidade lingüística», que as administracións públicas desenvolvan as súas accións comunicativas desde o galego e con calidade lingüística, e para que a Xunta paralice as diferentes campañas nas que descoida a lingua e as reinicie desde o galego, como, por exemplo, “*Pesca-de-rías*”, “*Leite galega 100%*”, “*As mulleres, pilares de Galicia*” ou “*Cómete o mar*” [Maio de 2013] <http://ctnl.org/web/notic.php?ide=1105>.
- Participouse na actividade da plataforma Queremos Galego.
- Cómpre ter en conta que diversas das accións xa sinaladas no apartado 1, de defensa dos intereses xerais dos/as traballadores/as de normalización lingüística, son, en realidade, tamén propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización lingüística.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- **Viveiro de propostas normalizadoras**
<http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=1108>
 - No mes de maio de 2013 a CTNL convocou, por segunda vez, o Viveiro de propostas normalizadoras, un espazo de intercambio de ideas e traballo conxunto para que os traballadores e as traballadoras de normalización lingüística poidamos poñernos en contacto, coñecer e presentar propostas e ideas de accións normalizadoras, buscar xente coa que intercambiar impresións e colaborar na maduración e posta en marcha desas propostas, etc. Nesta segunda experiencia do Viveiro presentáronse 9 propostas. Deste Viveiro naceu en 2012 a acción Gústame o galego, en 2013 Agasalho.eu e proximamente poñeranse en marcha outras accións, como, por exemplo, Como cho digo ;-), campaña de visibilización do galego nos medios de comunicación.
- **Colaboración cos XV Encontros para a normalización lingüística**
 - Colaboración nestes encontros organizados polo CDSG do Consello da Cultura Galega, que tiveron lugar o 18 e 19 de abril no Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela.



- Participación en **Culturalgal**
 - A CTNL participou, un ano máis, nesta feira das industrias culturais que tivo lugar en Pontevedra do 29 de novembro ao 1 de decembro. Contouse cun stand propio para difundir o traballo da CTNL, presentouse a plataforma Agasallo.eu, de propostas de regalos en galego, e celebrouse o 1.º aniversario de Gústame o galego, cunha sesión do fotocoll moi participativa.

ACCÍONS DE FOMENTO DO GALEGO

- **Gústame o galego** (www.gustame.gal)

A campaña Gústame o galego, nacida a finais de 2012 Viveiro de propostas normalizadoras, estivo a mover ao longo de todo o 2013 e foi, e segue a ser, todo un éxito en canto a participación, visibilización, implicación, difusión, etc. Algúns datos relevantes desta campaña son:

 - Seguidores/as en Facebook: + de 13.000
 - Persoas que sacaron unha foto: arredor de 6.000
 - Sesións de fotocoll realizadas: arredor de 60
 - Alcance na rede: superou as 70.000 persoas en Facebook algunha semana
 - Chapas repartidas: arredor de 7.000
 - Algunha foto en FB foi compartida por unhas 1.000 persoas, algúns álbums vistos por máis de 20.000 e algunha entrada por máis de 85.000
 - Á campaña concedéuselle o premio Xoán Manuel Pintos, por parte do Concello de Pontevedra e a Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL).
 - Á campaña naceulle unha irmá xemelga no País Valenciá, co lema "M'agrada el valenciá".
 - Foi moi ben acollida por tod@s. Nela participaron institucións gobernadas por todas as organizacións políticas (concellos de todas as cores, Xunta, centros de ensino, entidades sen ánimo de lucro, etc.), asociacións de todo tipo, moita xente anónima, moita xente coñecida de diversos ámbitos ou, incluso, o Celta de Vigo, como club, e os seus xogadores e corpo técnico a nivel individual.
- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego** (www.agasallo.eu)

En decembro de 2013 púxose en marcha a plataforma en liña Agasallo.eu, de propostas de regalos para todas as idades e ocasións, co denominador común de que todos usan o galego: viños, discos, libros, dvd, licores, camisolas, etc. Para o desenvolvemento desta plataforma, contouse con colaboración económica da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A posta en marcha desta plataforma tivo moita repercusión e visibilización nos medios de comunicación, e o número de visitas o primeiro mes superou as 15.000.



Fíxose, para o seu arranque, publicidade en diversos medios (*Praza, Sermos Galiza, Galicia Confidencial, Luzes, Oink e Tempos Novos*).

As empresas, para inseriren as súas propostas, teñen que pagar unha cota anual, que se destina integramente ao mantemento e publicidade da propia plataforma. Na actualidade hai 20 empresas participantes. O ideal é, cando menos, duplicar ese número de empresas nos vindeiros meses.

- **Visibilización do galego na prensa**

No segundo semestre de 2013 traballouse na planificación, contactos, imaxe, lema, web, etc., da campaña para a visibilización do uso do galego nos medios de comunicación, que se fará pública en marzo de 2014 co lema Como cho digo ;-).

Nela participarán, de entrada, diversas persoas de diversos ámbitos de relevancia pública e presenza en medios de comunicación (deporte, ciencia, movementos sociais, cultura, televisión, etc.) que declararán que lles gustaría que o galego tivese máis visibilidade da prensa e que pedirán que os medios usen o galego, cando menos, para facer referencia ás súas declaracións, entrevistas, conferencias de prensa, etc. Tamén farán o mesmo, de entrada, diversas entidades.

A partir de que se faga pública, calquera persoa poderá sumarse á campaña, asinando a través da rede unha declaración que despois lle poderá enviar ou entregar aos medios.

Haberá actos locais ou comarcais.

Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- En xeral, mantívose o número de socias e socios, aínda que con algunha baixa máis ca alta.
- Puxéronse en marcha grupos de traballo para o desenvolvemento de diversos proxectos a partir do Viveiro de propostas normalizadoras.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momento a CTNL forma parte de:
 - Comisións Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
 - Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo
 - Plataforma Queremos Galego



- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas, etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
 - Web: mantívose actualizado ao longo de todo o ano o sitio web www.ctnl.org, con información tanto da CTNL como de entidades, asociacións, plataformas, SNL, etc., de interese para o traballo técnico en normalización lingüística. Mantívose no web un número de visitas aceptable, cunha media de 180 por día.
 - Boletín electrónico: enviúselles a todos/as os/as socios/as o boletín electrónico da CTNL, cunha periodicidade variable, mais, de media, cada 15 días, aproximadamente.
 - Mellorouse a presenza da CTNL nos medios, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza*, *Praza Pública* e *Galicia Confidencial*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, posicionamentos, etc., e publicaron diversas entrevistas. Tamén se mellorou a presenza en medios en papel, radio e televisión, que difundiron algunha información da CTNL e, sobre todo, publicaron información relativa ás campañas *Gústame o galego* e *Agasallo.eu* (sobre estas dúas houbo reportaxes e novas en practicamente todos os medios en papel e información e entrevistas na Radio Galega, Radio Voz, Radiofusión, Ser, VTelevisión, Televisión de Galicia, etc.).
 - Fortaleceuse a presenza nas redes sociais, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das páxinas e perfís de accións e campañas concretas, como *Gústame o galego* ou *Agasallo.eu*. Algunhas cifras das redes sociais:
 - Seguidores/as FB CTNL: 4.672
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 2.202
 - Seguidores/as FB Agasallo.eu: 2.990
 - Seguidores/as Twitter Agasallo.eu: 572
 - Seguidores/as FB Gústame o galego: 13.046
 - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 4.165

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2014 3